

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE FEBREIRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1457/2015.- ÁNGEL PARDO FIDALGO.- Conceder a licenza para a executar as obras de adecuación de planta baixa de edificio de vivendas para local comercial na rúa de San Pedro nº 116.

LIC/753/2005.- CONSTRUCCIONES VAL DO DUBRA, S. L.- Aceptar a cesión a título gratuito da cesión de terreos realizada para a obtención da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Coto da Nai - Aríns, outorgada pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

DENEGADAS.-

LIC/257/2007.- GESPROCAR, S. L.- Denegar a licenza de primeira ocupación para oito vivendas unifamiliares pareadas, parcelas 38-45 Polígono 2 do SUNP-28 da Barcia.

LAP/131/2013.- JORGE MIGUEZ PRADO.- Denegar a ampliación da explotación existente de gando vacún leiteiro no lugar Casas de Arriba (As) – Cesar.

CADUCIDADE.-

LAP/42/2014.- EXPLOTACIÓN GANDEIRA REY S. C.- Declarar caducado o expediente de licenza de obras (LIC/168/2014) e actividade (LAP/42/2014) promovido para a ampliación e reforma de explotación de gando vacún en Vilamaior – Lavacolla.

DEVOLUCION DE FIANZA.-

LIC/1689/2015.- ALVARO RODRIGUEZ PEREZ.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/10/2010. O importe da fianza é de 1.500 €.

1.- LIC/1457/2015.- ÁNGEL PARDO FIDALGO.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a concesión de licenza para executar as obras de adecuación de planta baixa de edificio de vivendas para local comercial na rúa de San Pedro nº 116. Apróbase a proposta.

2.- LIC/753/2005.- CONSTRUCCIONES VAL DO DUBRA, S. L.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a aceptación da cesión a título gratuito de terreos realizada para a obtención da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar en rúa Coto da Nai - Aríns, outorgada pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005. Apróbase a proposta.

3.- LIC/257/2007.- GESPROCAR, S. L.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a denegación da licenza de primeira ocupación para oito vivendas unifamiliares pareadas, parcelas 38-45 Polígono 2 do SUNP-28 da Barcia. Apróbase a proposta.

4.- LAP/131/2013.- JORGE MIGUEZ PRADO.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a denegación da ampliación da explotación existente de gando vacún leiteiro no lugar Casas de Arriba (As) - Cesar. Apróbase a proposta.

5.- LAP/42/2014.- EXPLOTACIÓN GANDEIRA REY S. C.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a declaración de caducidade do expediente de licenza de obras (LIC/168/2014) e actividade (LAP/42/2014) promovido para a ampliación e reforma de explotación de gando vacún en Vilamaior - Lavacolla. Apróbase a proposta.

6.- LIC/1689/2015.- ALVARO RODRÍGUEZ PÉREZ.- Proposta do concelleiro delegado de

Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 13/10/2010. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á suspensión temporal das obras de acondicionamento dunha zona de descanso de peregrino, parque público e parque infantil en Angrois (XOB/10/2014-CON/57/2014). Acórdase a suspensión temporal das obras, despois de que a empresa responsable advertira que non as pode finalizar en prazo por dúas cuestións: a non disposición do mobiliario doado pola Escola de Canteiros de Poio, e a existencia dun poste de subministro eléctrico en BT aérea que ten que ser retranqueado pola empresa subministradora (Gas Natural Unión Fenosa)

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a autorización definitiva da subrogación na posición da sociedade Movilidad y Aparcamientos S.L., de ACVIL APARCAMIENTOS S.L.U., como nova sociedade concesionaria dos aparcamentos en Santiago de Compostela do Hórreo, San Clemente e San Caetano. Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a corrección de erro no punto 17 da sesión de 11.dicembro.2015. Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a denegación de diversas axudas do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a non prorrogar o convenio de asociación coa Mutua de Accidentes de Traballo e Enfermidades Profesionais-MUTUA FREMAP (MATEPSS, nº 61); denuncia do convenio coa devandita asociación e as solicitudes pertinentes para o cambio de cobertura e xestión das prestacións pola entidade xestora do INSS. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a aprobación de convenio de colaboración entre o Concello e a USC para mellorar a actuación ante situacións de emerxencia, e a súa sinatura. Apróbase o convenio, polo que o Servizo de Extinción de incendios e Salvamento do Concello colaborará coa Universidade en actividades como cursos básicos de loita contra o lume e manexo de extintores, simulacros de evacuación das facultades ou outros centros dependentes da USC ou visitas programadas. Pola súa banda, a Universidade ofertará charlas informativas para o persoal da Universidade e o colectivo de bombeiros sobre materias de interese común dentro do contexto da prevención de incendios.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa a modificación horaria das zonas de ORA de réxime xeral de curta duración. Apróbase un novo horario para a zona denominada de réxime xeral de curta duración, que abrangue as seguintes zonas: Praza de Algalia de Abaixo, Travesía da Universidade, Praza Entrepraciñas, Praza de Fonte Seca, Praza da Universidade, Praza de Mazarelos, Arco de Mazarelos e Virxe da Cerca. Nestes puntos, o horario da ORA pasará a ser de 08:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:30 de luns a venres; e de 08:00 a 14:00 os sábados. (Ata agora, o réxime xeral de curta duración era de 10:00 a 14:00 e de 16:30 a 20:00 de luns a venres; e de 10:00 a 14.00 os sábados). A modificación realízase a petición da Sociedade Cooperativa da Praza de Abastos.

14.- Proposta da concelleira delegada da área de Acción Cultural relativa a solicitude do programa "Ler conta moito 2016". Apróbase a integración da Biblioteca "José Saramago" no programa Ler conta moito 2016, e acórdase a solicitude de diversas actividades de animación á lectura no marco deste programa, para desenvolver nos centros socioculturais de Conxo, Vite, Santa Marta e Fontiñas. O programa "Ler conta moito 2016" suporá un investimento de 3.980 euros, dos que 2.985 euros son aportados pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta, e 995 euros polo Concello.